

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP O PIÑEIRIÑO  
CURSO: 2019/20  
MATERIA: AUDICIÓN E LINGUAXE  
DEPARTAMENTO: ORIENTACIÓN  
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**





<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos:
	Instrumentos:
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>Dende a aula de AL ofrécese apoio ao alumnado e as súas familias nos mesmos ámbitos nos que viñamos traballando nos dous primeiros trimestres, isto é, no desenvolvemento da linguaxe oral, en todas as súas facetas e na colaboración da aprendizaxe da lectoescritura, principalmente.</p> <p>Así, decidimos subir á aula virtual recursos variados (ou ligazón aos mesmos) relacionados con estes dous campos. No bloque da linguaxe oral incluímos actividades de praxias bucofaciais, respiración e sopro, discriminación auditiva, conciencia fonolóxica, articulación de fonemas e sinfóns, vocabulario, e construción sintáctica. O bloque de lectoescritura contén actividades agrupadas en dous niveis.</p> <p>As actividades que propoñemos están dirixidas, sobre todo, aos alumnos/as atendidos polos mestres de AL, nenos/as con dificultades de articulación, neae e retrasos na aprendizaxe da lectoescritura, pero ao estar na aula virtual, están dispoñibles para todo o alumnado, en xeral, aínda que é o de EI e de 1º e 2º de EP o máis próximo no seu nivel de aprendizaxe aos recursos que se ofrecen.</p>	
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>A maioría das familias do alumnado atendido na aula de AL ten conexión a internet e polo tanto ten acceso á aula virtual. En coordinación coa mestra de PT, na aula virtual creáronse varios cursos (Linguaxe Oral, Son visual e Lectoescritura), en cada curso habilitáronse diferentes temas e cada tema contén diferentes actividades e recursos. As familias dos nenos/as poden acceder ás actividades propostas. Estas actividades están seleccionadas de xeito que se poden realizar en casa, os pais poden acompañar aos nenos/as para facelas xuntos, son actividades motivadoras e atractivas, nas que o compoñente visual é moi importante, moitas son interactivas e a maioría delas preséntanse como un xogo, atendendo así ao carácter lúdico que debe acompañar ao traballo proposto neste tempo.</p> <p>Os nenos/as sen conexión a internet ou con insuficiente autonomía no uso das TIC reciben nos seus domicilios traballo impreso en fichas, relacionado cos contidos e competencias que estaban a desenvolver no centro co apoio dos mestres de AL. A elaboración do traballo para este alumnado fíxose en coordinación cos seus mestres tutores/as, co fin de facilitarlle recursos que foran axeitados e que viñera a ser unha continuidade do que se estaba a traballar no colexio.</p>	
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p><b>Recursos subidos á aula virtual:</b>  <b>Cursos Linguaxe Oral e Son Visual:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Respiración e sopro:</b> “Pipa de sopro”, “A trompa do elefante”, “Carreira de vermes”.</li> <li>- <b>Praxias:</b> “Conto do verme”.</li> <li>- <b>Discriminación auditiva e fonética:</b> “Xogamos a adiviñar se soan igual estas palabras” (1ª e 2ª parte), “Xogo das rimas. Comezan igual”, “Xogo das rimas. Terminan igual”, “Discriminamos fonemas l-r”, “Discriminamos fonemas r-rr”, “Discriminamos fonemas s-z”.</li> <li>- <b>Conciencia fonolóxica:</b> “Adiviña que palabra queda”, “Elixo as sílabas correctas”, “Discriminar sinfóns, de ARASAAC”, “Onde leva...Traballamos cos sinfóns”</li> <li>- <b>Conciencia silábica:</b> “Comezan igual. Sílabas directas” (niveis 1 e 2), “Comezan igual. Sílabas inversas”, “Comezan igual. Sílabas mixtas e trabadas”(4 actividades) “Contar sílabas. Interactivo” (8 actividades).</li> <li>- <b>Articulación fonética:</b> “Actividades de mellora de articulación dos fonemas”, “Aprende xogando cos sinfóns”, “Caderniño de articulación do s”, “Caderniño de articulación do r”, caderniño de articulación do rr”.</li> <li>- <b>Vocabulario:</b> “Xogamos a adiviñar quen é quen. As profesións”, “Xogamos a</li> </ul>	
<p>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020</p>	<p>PÁXINA 5 DE 6</p>	<p>CENTRO: CEIP O PIÑEIRIÑO  CURSO:  MATERIA: AL</p>

	<p>adiviñar de quen ou de que se trata”, “Adiviñamos a resposta correcta”, “A primavera. Preguntas e respostas”, Material comer e beber”, “Que é e para que serve?”</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Construcción sintáctica:</b> “Aprendemos a construír frases”, “Traballamos as oracións coordinadas copulativas”.</li> </ul> <p><b>Curso Lectoescritura:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Nivel 1: Vogais:</b> Xogos coas vogais; <b>consonantes en sílabas directas:</b> LIM “Aprendendo a ler xogando”, LIM “Lectoescritura, xoga e aprende”, LIM “Lectoescritura 1. ARASAAC”, “Aprendizaxe da lectoescritura”.</li> <li>- <b>Nivel 2: resto de consonantes:</b> “Aprende a ler e escribir con Edilim”; <b>sílabas inversas:</b> “Aprende a ler e escribir con Edilim”; <b>sílabas trabadas:</b> ligazón ao blogue “Xoga e aprende” de Salud Zambrana.</li> </ul> <p>Neste curso ofrécense diferentes ligazóns para que as familias poidan dispoñer de materias imprimibles de lectoescritura para os dous niveis mencionados arriba.</p> <p><b>Recursos impresos para os alumnos/as sen conexión a internet ou falta de autonomía no uso das TIC, en coordinación cos seus mestres/as:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 2 alumnos de 3º EP: fichas de lectura comprensiva e copias do caderniño de Lingua castelá de la Calesa de 2º de EP.</li> <li>- Alumna de 4º EP: fichas de lectura comprensiva e de reforzo de aprendizaxe da lectoescritura.</li> <li>- 2 alumnos de 6º EP: fichas de reforzo e repaso de lingua castelá, lingua galega e matemáticas.</li> </ul>
--	--

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Comunicación coas familias a través do correo electrónico e de chamadas telefónicas.
<b>Publicidade</b>	Esta adaptación vai ser publicada na páxina web do centro.